

**Convenio colectivo de traballo de La Toja, S.A.
(Ano 2003)¹**

Artigo 1º.-Ámbito.

Este convenio rexerá para todo o persoal da empresa La Toja, S.A., regulando as relacións entre a empresa e os traballadores.

Artigo 2º.-Vixencia e efectos económicos.

Con independencia da data do seu asinamento, terá vixencia e efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2003 ata o 31 de decembro de 2003.

Artigo 3º.-Condicións máis beneficiosas.

Respectaránselles a todos os traballadores as situacións persoais en canto determinen maiores dereitos que os concedidos neste convenio, respecto ás materias da súa regulación manténdose estritamente ad personam as que estean debidamente xustificadas.

Artigo 4º.-Salarios.

As táboas salariais mínimas obrigatorias para a aplicación no ano 2003 son as que figuran no anexo I deste convenio.

Artigo 5º.-Complemento de antigüidade.

Este complemento percibirao unicamente o persoal que se relaciona no anexo IV, e será como complemento por dereitos adquiridos.

O complemento de antigüidade por dereitos adquiridos que se relaciona no anexo IV será considerado como condición máis beneficiosa do persoal relacionado.

Artigo 6º.-Gratificacións extraordinarias.

Establécense como gratificacións extraordinarias as do 15 de xullo e Nadal, que se devengarán no día laboral inmediatamente anterior ás ditas festividade e constituirán nunha mensualidade de salario base máis a antigüidade correspondente e a diferenza salarial recoñecida.

Así mesmo, establécense 5 días de paga extra de setembro calculada sobre salario base máis complemento de antigüidade e a diferenza de soldo recoñecida, os cales se devengarán e pagarán mensualmente.

Artigo 7º.-Complemento de transporte.

Establécese con carácter xeral e para todo o persoal un complemento de transporte de dos con seis (2,06) euros por día efectivo de traballo.

Artigo 7º bis.-Complemento nocturnidade.

As horas traballadas entre as 0.00 e as 8.00 horas terán a consideración de nocturnas e, consecuentemente, retribuiranse cun incremento do 25% sobre

a contía do salario base que se deriva das táboas salariais do anexo I deste convenio colectivo, salvo que o salario se establecese atendendo a que o traballo sexa nocturno pola súa propia natureza.

Artigo 8º.-Complemento de complemento en especie (manutención).

Todo o persoal fixo en 31 de decembro de 1996 terá dereito, como complemento de complemento en especie por dereitos adquiridos, a recibir con cargo á empresa e durante os días en que preste os seus servizos, a manutención.

¹ Publicado no DOG núm. 108, do 7 de xuño de 2004.

O complemento de complemento en especie por manutención para o persoal mencionado anteriormente poderase substituír mediante o pagamento de dous (2) euros por día efectivo de traballo, sempre que así o solicite o traballador.

A empresa poderalle conceder voluntariamente, por necesidades do servizo, o desfrute a recibir a manutención no comedor de persoal da empresa a todo o persoal cuxo horario de traballo coincida co servizo de comidas que coide necesario a dirección e que en 1 de xaneiro de 1997 non tivesen recoñecido o dito complemento en especie por dereitos adquiridos.

Artigo 9º.-Complemento desgaste de útiles e ferramentas.

Se a empresa non lles entrega aos seus traballadores os útiles ou ferramentas necesarios para o seu traballo e fosen propiedade destes, aboarán, en compensación polo seu desgaste, a cantidade de cinco con noventa e catro (5,94) euros mensuais.

Artigo 10º.-Complemento por IT por enfermidade ou accidente.

Nos supostos de incapacidade temporal por enfermidade ou accidente non laboral, a todo o persoal que teña unha antigüidade de seis meses na empresa, complementaráselle as prestacións legais da Seguridade Social a que teña dereito ata acadar a contía do salario garantido que lle corresponda, de acordo coas táboas deste convenio. Esta percepción complementaria manterase durante o tempo que se manteña en vigor o contrato suscrito con esta empresa e cunha duración máxima de 18 meses, a partir do seu día de baixa, sempre que non faga necesaria a súa substitución.

Cando a incapacidade temporal sexa consecuencia de accidente de traballo, complementaranse as prestacións legais a que teña dereito ata acadar a contía do salario garantido que lle corresponda. Esta percepción complementaria manterase durante o tempo que se manteña en vigor o contrato suscrito con esta empresa e cunha duración máxima de 18 meses, a partir do seu día de baixa, sempre que non faga necesaria a súa substitución.

Artigo 11º.-Prima de produtividade.

Todo o persoal fixo en 31 de decembro de 2003 desta empresa percibirá unha prima de produción en relación coa táboa de incentivos que para o ano 2003 figura como anexo III deste convenio; a dita prima será pagada e cotizada no mes de febreiro do seguinte ano.

Artigo 12º.-Premio de vinculación.

Todo o persoal afectado por este convenio pasará, ao cumprir os 65 anos de idade, sempre que teña acreditados 15 anos de cotización na súa vida activa, á situación de xubilación ou causará baixa nesta empresa.

A todos os traballadores fixos en 31 de decembro de 1997, que leven ao servizo da empresa os anos que a continuación se indican, cando cesen nela, tanto por xubilación como por pasaren á situación de invalidez permanente, aboaráselles como premio e recoñecemento aos servizos prestados, as seguintes cantidades sempre que cesen na empresa:

-De 5 a 9 anos de antigüidade: unha mensualidade.

-De 10 a 14 anos de antigüidade: dúas mensualidades.

-De 15 a 19 anos de antigüidade: tres mensualidades.

-A partir dos 20 anos de antigüidade, unha mensualidade máis por cada cinco anos que excedan dos 20 de referencia.

O importe de cada mensualidade farase efectivo sobre o salario mensual realmente percibido polo traballador (salario base, diferenza de soldo e antigüidade por dereitos adquiridos); se en tal data estivese en situación de baixa, xa por incapacidade laboral transitoria, invalidez provisional e outra causa, calcularase a mensualidade sobre o salario real que lle correspondería recibir se estivese traballando en activo no momento do dito cesamento. Pero se o traballador falecese antes de poder acadar a xubilación, contando na data de óbito polo menos con 55 anos de idade, ou se levase 10 anos

ininterrompidos ao servizo da empresa no momento da súa morte, este premio percibiríao a súa viúva ou os seus fillos menores de 18 anos se están incapacitados para o traballo.

Artigo 13º.-Seguro de vida.

O persoal fixo afectado por este convenio e que teña máis dun ano de antigüidade na empresa terá dereito ao seguro de vida que a empresa concertará con Pastor Vida, nos seguintes termos:

-Morte natural: 9.015 euros.

-Morte por accidente: 9.015 euros.

-Morte por accidente de circulación: 9.015 euros.

-Invalidez total ou permanente para o traballo habitual: 9.015 euros.

Artigo 14º.-Fondo de comité de empresa.

Proverase o comité de empresa, para o seu funcionamento e labor social, dun fondo de noventa e nove con sesenta (99,60) euros mensuais, os cales se xustificarán ao final de cada ano se a dirección da empresa o considera conveniente.

Artigo 15º.-Anticipos persoais.

A empresa establecerá un fondo de 24.000 euros para anticipos persoais aos traballadores, cun máximo de 3.000 euros por traballador e cun tempo de amortización de 24 meses (repartidos en 28 pagas), reintegrándose as amortizacións ao fondo para prever novas solicitudes.

Terán prioridade para a súa concesión os que non a solicitasen nos 24 meses anteriores á súa solicitude. Para o estudo de prioridades de concesión crearase unha comisión mixta formada por dous membros do comité de empresa e dous membros da dirección.

Artigo 16º.-Uniformes.

Será dotado dun pantalón ao ano a todo o persoal de bares e restaurantes cunha antigüidade de seis meses na empresa segundo modelo e norma da empresa.

Artigo 17º.-Xornada laboral.

A xornada laboral durante a vixencia deste convenio será de 1.800 horas de traballo efectivo en cómputo anual, as cales serán distribuídas pola dirección e con coñecemento do comité de empresa para o mellor funcionamento da empresa e, dentro das marxes de 40 horas semanais e 2 días de descanso consecutivos. Sempre que as necesidades do servizo o permitan, poderán incluír un domingo.

Artigo 18º.-Vacacións.

Serán 30 días para todos os traballadores do sector, entendéndose os ditos días naturais ininterrompidos, sen prexuízo de respectar as máis amplas, que por norma, costume ou condición máis beneficiosa, viñesen implantadas. Estas vacacións deberanse desfrutar dentro do ano natural e non poderán ser compensadas en metálico.

Os traballadores que na data determinada para o desfrute das vacacións non tivesen completado un ano efectivo de servizo na empresa, desfrutarán dun número de días proporcionais ao dito tempo de servizo.

Durante as vacacións anuais, o traballador percibirá con cargo á empresa o salario real que lle corresponde por todos os conceptos. En caso de que a empresa, por necesidades do servizo, substituíse o persoal de vacacións, a súa retribución total será con cargo a ela.

As festas laborais traballadas poderán, de común acordo entre a empresa e traballadores, acumularse

ás vacacións anuais ou ser desfrutadas como descanso continuado nun período distinto. No suposto de que as festas laborais se desfruten de forma continuada, a empresa respectará o descanso semanal, acumulando este ao número de festas.

As vacacións, debido á alta ocupación no verán, desfrutaranse durante todo o ano, excepto o período do 15 de xuño ao 15 de setembro, sempre que a empresa o considere oportuno.

Todo o persoal, ao comezo das vacacións, terá dereito automaticamente (sen máis requisito que comunicalo no Departamento de Persoal cunha semana de antelación) a un anticipo de ata o 95% do soldo do período de vacacións e, no caso de coincidir o período de vacacións con algunha das pagas extras, estenderase este beneficio a elas.

Artigo 19º.-Licenzas.

Todo o persoal afectado por este convenio, incluídas as parellas de feito debidamente rexistradas no organismo oficial correspondente, logo de aviso e xustificación, terán dereito ás seguintes licenzas en días naturais:

-Por matrimonio do traballador: 15 días naturais.

-Por matrimonio de pais, fillos, irmáns ou tíos directos ou políticos: un día natural se ten lugar na mesma provincia e tres días naturais se é noutra distinta.

-Por parto de esposa: 4 días naturais se reside na mesma provincia do centro de traballo e seis días naturais se reside en provincia diferente.

-Por falecemento de cónxuxe, pais, irmáns e fillos directos ou políticos: 4 días naturais de licenza que se ampliarán a seis cando o falecemento teña lugar fóra da provincia a máis de 500 km de distancia.

-Por falecemento de avós: 2 días naturais.

-Por falecemento de tíos directos ou políticos: 1 día natural.

-Por hospitalización de cónxuxe, pais e fillos directos: durante o tempo de hospitalización cun máximo de 5 días naturais, podendo solicitar licenza non retribuída a partir do 5º día ata 15 días máis, despois dos cales solicitará excedencia con reserva de praza por todo o tempo exixido pola natureza da enfermidade (deberá estar debidamente xustificada con certificado do tempo de hospitalización).

-Por traslado de domicilio habitual cando sexa necesario o traslado de mobles: 1 día natural.

Artigo 20º.-Excedencias.

O persoal afectado por este convenio, que leve dous anos ao servizo da empresa, terá dereito a pasar á situación de excedencia voluntaria por un prazo non inferior a 1 mes nin superior a 5 anos, estando obrigado o empresario ao reingreso do excedente

que o solicite polo menos cun mes de antelación á terminación do tempo de excedencia voluntaria, ata transcorridos 4 anos desde a terminación da anterior, continuando no momento do ingreso ou reincorporación, coa mesma antigüidade que tiña no momento de pasar á situación de excedencia, estando obrigado o traballador excedente a non lle facer competencia ao seu empresario, salvo que a actividade profesional a realice no estranxeiro, ben entendido que a obriga a cargo da empresa de reincorporar o excedente queda supeditada a que exista vacante, e a que este non fixese competencia realizando traballos da súa profesión, ben para outra empresa ou como autónomo.

Artigo 21º.-Medidas sindicais/garantías.

As horas establecidas para os delegados sindicais actualmente en cómputo mensual (artigo 68 do Estatuto dos traballadores), serán acumuladas durante o ano en cómputo semestral, procurando que durante os meses de xullo, agosto e setembro se realice o menor número posible de actividades sindicais.

Artigo 22º.-Abuso de autoridade.

Todo traballador poderá dar conta por escrito a través dos seus representantes, á dirección da empresa, dos actos que supoñen abuso de autoridade dos seus xefes inmediatos, e/ou calquera anomalía cometida por estes ou polos seus compañeiros de traballo. Recibido o escrito, a dirección abrirá o oportuno expediente e resolverá o que proceda.

Artigo 23º.-Comisión mixta paritaria.

Crearase unha comisión paritaria integrada por dous representantes da parte sindical e por dous representantes da parte empresarial.

Os representantes da parte sindical elixiranse mediante sufraxio de entre os seus membros, e os da parte empresarial serán designados pola propia empresa; e sempre dentro das marxes dos membros da comisión negociadora.

A citada comisión estará obrigada a reunirse cantas veces sexa necesario, por petición dunha das súas partes. Desde o momento da notificación por unha das súas partes, a outra terá un prazo máximo de 7 días para facer efectiva a reunión.

As atribucións da comisión paritaria serán as da interpretación deste convenio e o seguimento da súa aplicación.

Cláusulas adicionais

Primeira.-No non previsto neste convenio, observarase igualmente o que dispón o acordo laboral de ámbito estatal para o sector de hostalaría, Estatuto dos traballadores e demais disposicións de carácter xeral. No referente a contratacións observarase o disposto no convenio colectivo de hostalaría da provincia de Pontevedra.

Segunda.-Reunidos na illa da Toxa o día 29 de decembro de 2003, por parte da empresa, José Félix Álvarez Cordero e José Ramón Leal Doval e, por parte do comité de empresa, José Manuel Núñez Núñez, Roberto Iglesias Moldes, Roberto Martínez Ozores, Fabián Castro Domínguez, Fernando Rey Caamaño, Francisco Besada Mourelas, Javier Mesego Fernández, Pedro Esteban de la Iglesia, Isabel Álvarez Montero, Norma Badger, Isabel Montenegro Fontoira e José Francisco Otero Mascato, acordan o asinamento deste convenio colectivo da empresa, cunha suba salarial do 3,8% sobre o convenio de 2002 máis 5 días de paga extra.

Os atrasos deste convenio aboaranse e cotizarán nunha soa paga no mes da data do asinamento.

ANEXO I

Soldo base/táboa salarial 2003

-Área funcional 1ª:

* Recepción-conserxería:

Xefe de recepción: 1.072,25 euros.

Recepcionista: 813,80 euros.

Telefonista: 719,35 euros.

Primer conserxe: 813,80 euros.

Conserxe: 731,80 euros.

Conserxe de noite: 731,80 euros.

Axudante de conserxería e recepción: 679,90 euros.

Auxiliar de conserxería e recepción: 632,15 euros.

Aprendiz de conserxería e recepción: 488,90 euros.

* Relacións públicas-xestión:

Relacións públicas: 956 euros.

Secretaría: 765 euros.

* Administración:

Interventor: 960,15 euros.

Oficial administrativo: 765 euros.

Axudante administrativo: 694,40 euros.

Aprendiz administrativo: 488,90 euros.

-Área funcional 2ª:

* Cociña:

Xefe de cociña: 1.072,25 euros.

2º xefe de cociña: 924,85 euros.

Xefe de partida: 888,50 euros.

Cociñeiro: 700,65 euros.

Reposteiro: 797,20 euros.

Axudante de cociña: 659,15 euros.

Auxiliar de cociña: 620,70 euros.

Axudante de 2ª ou aprendiz de cociña: 488,90 euros.

* Economato:

Encargado de economato: 777,45 euros.

Axudante de economato: 659,15 euros.

Axudante 2ª economato: 488,90 euros.

Aprendiz de economato: 488,90 euros.

-Área funcional 3ª:

* Restaurante e bar:

Xefe de restaurante, bar e similares: 1.072,25 euros.

2º xefe de restaurante, bar e similares: 924,85 euros.

Xefe de sector: 888,55 euros.

Camareiro: 870,90 euros.

Axudante de camareiro: 690,25 euros.

Axudante de 2º ou aprendiz camareiro: 488,90 euros.

-Área funcional 4ª:

* Servizos de pisos, limpeza, office:

Gobernanta, encargado xeral: 857,40 euros.

Subgobernanta, encargado de sección: 721,40 euros.

Camareira de pisos: 653,95 euros.

Auxiliar de pisos, limpeza: 620,70 euros.

Fregadores: 620,70 euros.

Aprendiz: 488,90 euros.

Lavandaría:

Encargada: 696,50 euros.

2ª encargada: 632,15 euros.

Lavandeiro: 620,70 euros.

Auxiliar, aprendiz lavandaría: 488,90 euros.

-Área funcional 5ª:

* Mantemento:

Encargado mantemento: 1.315,15 euros.

2º encargado mantemento: 845,95 euros.

Oficial 1ª mantemento: 752,55 euros.

Oficial 1ª A. servizo técnico: 716,20 euros.

Auxiliar mantemento: 603,10 euros.

Aprendiz mantemento: 488,90 euros.

* Servizos auxiliares:

Pianista: 1.078,50 euros.

Garda: 642,52 euros.

Chófer: 845,95 euros.

Socorrista: 672,60 euros.

Disc-Jockey: 672,60 euros.

-Área funcional 6ª:

Balneario:

Médico: 1.589,18 euros.

DUE, fisioterapeuta, esteticista, coordinadora de tratamientos: 758,80 euros.

Quiromasaxista, técnico de balneario, auxiliar de clínica: 672,60 euros.

Recepcionista balneario: 672,60 euros.

Auxiliar de balneario: 570,90 euros.

Aprendiz de balneario: 488,90 euros.

ANEXO II

Relación de diferencias de soldo reconocidas

Andrés Bermúdez Míguez: 430,90 euros.

Francisco Ramos Valiño: 93,75 euros.

Manuel Turnes Turnes: 527,85 euros.

Santiago Mourelos Rodiño: 50,55 euros.

Mª Luz Torres Parada: 80,05 euros.

Benito Álvarez López: 83,25 euros.

Francisco Domínguez González: 48,45 euros.

Javier Fernández Otero: 77,95 euros.

José Francisco Otero Mascato: 83,25 euros.

Francisco M. Besada Mourelos: 50,55 euros.

Juan A. Domínguez Álvarez: 6,30 euros.

Juan M. Folgada Domínguez: 6,30 euros.

María Dolores Cacabelos Álvarez: 3,15 euros.

Santiago P. Prol Naveiro: 187,55 euros.

Erik Wernink: 92,70 euros.

Ovidio Riveiro Lois: 88,50 euros.

Pedro Esteban de la Iglesia: 90,60 euros.

José Otero Castro: 14,75 euros.

Gerardo Sanmartín Fernández: 95,85 euros.

Carmen Castiñeiras Fernández: 8,45 euros.

Ana Caneda Álvarez: 44,25 euros.

Marisol Rodríguez Lois: 7,40 euros.

Teresa Besada Hermida: 7,40 euros.

José Luis Boullosa Garrido: 95,85 euros.

Luis Humberto Cao Fernández: 871,30 euros.

Fernando Gondar Rey: 55,85 euros.

Francisco Lourido Molinos: 259,15 euros.

Manuel Castro Cantero: 388,75 euros.

Erundino Cardalda Troncoso: 118 euros.

Ramón Otero Rodiño: 90,60 euros.

Manuel Bea Oubiña: 88,50 euros.

Marcelino González Álvarez: 104,30 euros.

José Luis Piñeiro Casal: 148,55 euros.

José A. González Iglesias: 148,55 euros.

Francisco Fernández Otero: 104,30 euros.

Beatriz López González: 57,95 euros.

Mª Carmen Álvarez Ríos: 111,70 euros.

Rosa Gálvez García: 111,70 euros.

Táboa de incentivos La Toja, S.A.

Cifra de vendas 2003	Tramo	Incentivo %	Importe	Incentivo total
Desde	Ata			
0 €	9.941.643 €		0,00%	0 €
9.941.643 €	10.542.643 €		0,50%	52.713 €
10.542.643 €	11.143.643 €	601.000 €	0,85%	5.109 €
11.143.643 €	11.744.643 €	601.000 €	1,20%	7.212 €
11.744.643 €	12.345.643 €	601.000 €	1,55%	9.316 €
12.345.643 €	12.946.643 €	601.000 €	1,90%	11.419 €
12.946.643 €	13.547.643 €	601.000 €	2,25%	13.523 €

* Notas.

A cifra de vendas deflactarase en función da evolución do convenio (con iso evitarse o salto de tramo, producidos só pola inflación).

Ademais, estes incentivos aplicaranse considerando as instalacións actuais.

Cualquera novo investimento ou ampliación de instalacións se terá en conta para revisar a táboa de incentivos.

Á cifra de vendas do hotel balneario aplicaráselle a mesma porcentaxe media que se aplique as vendas do Gran Hotel durante o ano mencionado (igual forma de repartición que o ano 2002).

* Repartición:

Do incentivo total o 70% será repartido linealmente entre todo o persoal fixo en 31 de decembro de 2003; o 30% restante repartirao a dirección da empresa ao seu propio criterio.

ANEXO IV

Complemento de antigüidade por dereitos adquiridos artigo 5º do convenio colectivo de empresa

	ANT. %	ANT. 88	ANT. 2000
ÁLVAREZ CORDERO, JOSÉ FÉLIX	0 €	146,65 €	62,60 €

ÁLVAREZ LÓPEZ, BENITO	16 €	195,50 €	62,60 €
ÁLVAREZ RIOS, MARÍA CARMEN	9 €	195,50 €	62,60 €
BADGER, NORMA	0 €	97,75 €	62,60 €
BARREIRO LAPIDO, JOSÉ ANTONIO	16 €	195,50 €	62,60 €
BEA OUBIÑA, MANUEL	38 €	244,45 €	62,60 €
BERMÚDEZ MÍGUEZ, ANDRÉS	28 €	195,50 €	62,60 €
BESADA HERMIDA, TERESA	18 €	195,50 €	62,60 €
BESADA MOURELOS, FRANCISCO M.	16 €	195,50 €	62,60 €
BOULLOSA GARRIDO, JOSÉ LUIS	16 €	195,50 €	62,60 €
CACABELOS ÁLVAREZ, MARÍA DOLORES	16 €	195,50 €	62,60 €

CANEDA ÁLVAREZ, ANA	18 €	195,50 €	62,60 €
CANEDA VIÉITEZ, CARLOS	6 €	195,50 €	62,60 €
CAO FERNÁNDEZ, LUIS HUMBERTO	9 €	195,50 €	62,60 €
CARDALDA TRONCOSO, ERUNDINO	16 €	195,50 €	62,60 €
CASTIÑEIRAS FERNÁNDEZ, CARMEN	28 €	195,50 €	62,60 €
CASTRO CANTERO, MANUEL	9 €	195,50 €	62,60 €
DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ, JUAN A.	16 €	195,50 €	62,60 €
DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ, MARCELINO	16 €	195,50 €	62,60 €
DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ, FRANCISCO	16 €	195,50 €	62,60 €
ESTEBAN DE LA IGLESIA, PEDRO	16 €	195,50 €	62,60 €

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JOSÉ M.	16 €	195,50 €	62,60 €
FERNÁNDEZ OTERO, FRANCISCO	16 €	195,50 €	62,60 €
FERNÁNDEZ OTERO, JAVIER	16 €	195,50 €	62,60 €
FOLGADA DOMÍNGUEZ, JUAN	16 €	195,50 €	62,60 €
GÁLVEZ GARCÍA, ROSA	9 €	195,50 €	62,60 €
GONDAR REY, FERNANDO	18 €	195,50 €	62,60 €
GONZÁLEZ IGLESIAS, JOSÉ ANTONIO	16 €	29,30 €	9,40 €
LEAL DOVAL, JOSÉ RAMÓN	16 €	205,65 €	62,60 €
LÓPEZ GONZÁLEZ, BEATRIZ	6 €	195,50 €	62,60 €

LOURIDO MOLINOS, FRANCISCO	16 €	195,50 €	62,60 €
MARCOS CARRO, FRANCISCO	0 €	94,90 €	62,60 €
MOURELOS RODIÑO, SANTIAGO	16 €	195,50 €	62,60 €
NÚÑEZ NÚÑEZ, JOSÉ MANUEL	9 €	195,50 €	62,60 €
OTERO CASTRO, JOSÉ MANUEL	28 €	195,50 €	62,60 €
OTERO MASCATO, JOSÉ FRANCISCO	16 €	195,50 €	62,60 €
OTERO RODIÑO, RAMÓN	38 €	29,30 €	9,40 €
PIÑEIRO CASAL, JOSÉ LUIS	16 €	195,50 €	62,60 €
PROL NAVEIRO, SANTIAGO PABLO	18 €	195,50 €	62,60 €
RAMOS VALIÑO, FRANCISCO	18 €	195,50 €	62,60 €

RIVEIRO LOIS, OVIDIO	18 €	195,50 €	62,60 €
RODRÍGUEZ DOVALO, RAFAEL	0 €	97,75 €	62,60 €
RODRÍGUEZ LOIS, MARISOL	18 €	195,50 €	62,60 €
SANMARTIN FERNÁNDEZ, GERARDO	28 €	195,50 €	62,60 €
TORRES PARADA, MARÍA LUZ	16 €	195,50 €	62,60 €
TURNES TURNES, MANUEL	28 €	195,50 €	62,60 €
WERNINK, ERIK	28 €	195,50 €	62,60 €